

# LITURXIA DA PALABRA

## Sinagoga

Chegou a Nazaré, onde se criara, e o sábado entrou, como estaba afeito, na sinagoga. Ergueuse para facer a lectura, e déronlle o libro do profeta Isaías. Abriuño e atopou unha pasaxe que dicía:

- O Espírito do Señor está sobre min...

Pechando o libro, devolveullo ó encargado, e sentou. Todos os ollos da sinagoga enteira estaban fixos nel. Logo empezoulles a dicir:

- Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura.

(Lc 4, 16ss)

# LITURXIA DA PALABRA

## Primeiras comunidades

As memorias dos apóstolos e os escritos dos profetas lense o maior tempo posible. Cando o lector remata, toma a palabra o que preside para incitar e exhortar á imitación de cousas tan fermosas. Entón erguémonos todos xuntos e rezamos por nós mesmos (...) e por todos os demais onde queira que estean, para que poidamos ser atopados xustos nas nosas vidas e accións e sermos fieis aos mandamentos para acadar a salvación eterna. Cando remata esta oración bicámonos.

(San Xustino, s. II)

# LITURXIA DA PALABRA

## Eucaristía

Eu considero o Evanxeo como o corpo de Xesús. Cando El di «quen come a miña carne e bebe o meu sangue», esas son palabras que poden entenderse da eucaristía, pero tamén, certamente, son as Escrituras verdadeiro corpo e sangue de Cristo.

(San Xeromeu, s. IV)

A Palabra estivo “calada” durante séculos.

A reforma litúrxica do Concilio Vaticano II dalle voz á Palabra

# LITURXIA DA PALABRA

## Elementos da Liturxia da Palabra na Misa

As lecturas bíblicas

1ª lectura

Salmo responsorial

2ª lectura

Evanxeo

A homilía

A profesión de fe (Credo)

A oración dos fieis

# LITURXIA DA PALABRA

## Primeira Lectura

Corresponde habitualmente a un fragmento do AT

O libro da “promesa” que se cumprirá en Cristo.

A temática teolóxica do Evanxeo está case sempre relacionada coa 1ª Lectura

No tempo pascual a 1ª Lectura é dos Feitos dos Apóstolos.

Remata coa aclamación:

Palabra do Señor (Palabra de Dios)

Grazas a Deus (Te alabamos, Señor)



# LITURXIA DA PALABRA

## Salmo

Un dos 50 salmos da Biblia (tamén pode ser un cántico bíblico)

Está relacionado coa 1ª lectura

Pero para nós ten una lectura cristolóxica (*O señor é o meu pastor...*)

Preferible cantalo (ao menos a antífona)

# LITURXIA DA PALABRA

## Segunda Lectura

Corresponde a un fragmento das cartas apostólicas

(A Igrexa é apostólica)

É a vida da Igrexa que se nos presenta como modelo

Remata coa aclamación:

Palabra do Señor (Palabra de Dios)

Grazas a Deus (Te alabamos, Señor)

# LITURXIA DA PALABRA

## Evanxeo

Corresponde a un fragmento dun dos catro Evanxeos

(Ciclo A: Mt) (Ciclo B: Mc) (Ciclo C: Lc) (Xn Coresma-Pascua)

A lectura máis importante:

Aleluia, escoitamos de pe, Procesión evanxeliario, bendición do diácono, incensación, saúdo, aclamación final, bico.

Remata coa aclamación:

Palabra do Señor (Palabra del Señor)

Loámoste, Cristo (Gloria a Ti, Señor Jesús)



# LITURXIA DA PALABRA

## Homilía

Na homilía o sacerdote exerce de Cristo Maestro; non se trata de persuadir aos fieis para que pensen o que pensa o predicador, senón dispoñelos para que escoiten e acollan o que o Señor lles di.

Na homilía unéñse tres elementos:

As lecturas proclamadas, o misterio celebrado e a vida da comunidade.

Evitar a linguaxe moralista, discursiva ou deductiva, a homilía require un ton eminentemente simbólico, evocativo, apto para involucrar á asemblea e situala ás portas do misterio de Deus.

*Papa Francisco: Una buena homilía, como me decía un viejo maestro, debe contener «una idea, un sentimiento, una imagen». (EG 157)*

# LITURXIA DA PALABRA

## Credo

Credo ou Símbolo da Fe rézase os domingos ou solemnidades.

2 modelos: Apostólico ou Nicenoconstantinopolitano

Despois da Liturxia da Palabra o Credo expresa:

- A nosa fe está fundada na Revelación recollida na Sagrada Escritura
- É a fe que nos une como pobo (símbolo, significa “o que une”)
- Co Credo a assemblea rememora e confesa o que a continuación, na liturxia eucarística, celebra.

# LITURXIA DA PALABRA

## Oración dos fieis

Despois de escoitar a Palabra de Deus, que nos renova interiormente, a oración de intercesión é como o froito da acción da palabra na nosa alma.

Expresa o carácter sacerdotal do pobo de Deus, por iso é “oración dos fieis”


Orden das petición:

1. Pola Igrexa;
2. Polo mundo;
3. polos que sofren;
4. Polos presentes.

A resposta litánica é rezada ou cantada.

# LITURXIA DA PALABRA

## Criteriaos



Ten que ser una lectura proclamada con énfasis, sen caer na teatralización, con voz clara e tendo en conta o xénero literario.

O lector ten que saber o que le.

As partes cantadas convén que sexan cantadas.

Os fieis teñen que estar sentados nas lecturas e poñerse de pé co canto do Aleluia. Estar de pé é una actitude activa.

Na homilía o presidente pode sentar na sé.

É importante a procesión co Evanxeliario.

O silencio axuda a meditar no corazón a palabra proclamada



# LITURXIA DA PALABRA

## Ambón



Ambón (anabaineim = subir)

Debe un lugar elevado, fijo, dotado de la adecuada disposición y nobleza, que corresponda a la dignidad de la Palabra” (OLM32)

Evitar:

Que sexa móvil,

Que teña mala sonorización,

Que se abuse do seu uso, que se use para todo.

Adornos recargados

Que sexa moi distinto do altar e da sé



# LITURXIA DA PALABRA

## Leccionario




Teñen que ser “dignos, decorosos y bellos” (OLM 35)

Destaca o Evanxeliario.

Evitar:

Usar follas soltas,  
Textos non aprobados  
con traducción  
extrañas.



# LITURXIA DA PALABRA

Sacerdote:

Limpia mi corazón y mis labios, Dios omnipotente, para que pueda proclamar dignamente el santo Evangelio.

Fieis:

La Palabra del Señor esté en mi mente, en mis labios y en mi corazón.